

*RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se fan públicas as relacións definitivas de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2019/20, convocada pola resolución do 21 de xuño de 2019 (Diario Oficial de Galicia n.º 120, do 26 de xuño).*

No *Diario Oficial de Galicia* n.º 120, do 26 de xuño de 2019, publicouse a Resolución do 21 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se convoca o concurso de adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2019/2020 entre o persoal docente pertencente aos corpos de inspectores de Educación, catedráticos e profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, catedráticos e profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos e profesores de música e artes escénicas, catedráticos e profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, e do corpo de mestres, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, aos que resultan desprazados por falta de horario, ao persoal a que se lle conceda unha comisión de servizos por concelleira ou concelleiro, por motivos de saúde ou por conciliación da vida familiar e laboral, ao persoal interino e substituto e ao persoal funcionario de carreira que solicite o reingreso no servizo activo (código de procedemento ED002B).

No seu apartado terceiro establece que *“Publicadas as relacións provisionais de persoal que ten a obriga de participar, abrírase un prazo de cinco (5) días hábiles para presentar reclamacións. Transcorrido este prazo publicarase a lista definitiva do persoal docente que ten a obriga de participar”*.

Con base no citado apartado, e logo de revisadas as reclamacións, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar as relacións definitivas de persoal que ten a obriga de participar na adxudicación de destinos provisionais para o curso académico 2019/20, convocada pola resolución do 21 de xuño de 2019 (DOG n.º 120, do 26 de xuño), por lista única cando proceda, e por especialidade e orde de prioridade.

Segundo. Ordenar a publicación das citadas relacións definitivas no portal da internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional <http://www.edu.xunta.gal>.

Terceiro. Contra esta resolución o persoal interesado poderá formular por medios electrónicos recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, dirixido á persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do





procedemento administrativo común das administracións Públicas, ou directamente recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo que sexa competente de conformidade co Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

(Por suplencia Resolución do 30.07.2019)

Jesús Oitavén Barcala

Secretario xeral técnico da Consellería de Educación,

Universidade e Formación Profesional

